## 4ª MESA • SÁBADO 7 • 12:00H • COORDINA CARMEN RODEJA

### INMACULADA OTERO • Narradora e protagonista. O eu literario das memorias

Alén da intención testemuñal, a narradora das Memorias de Syra Alonso maniféstase como personaxe literaria de fondo alento. Os recursos narrativos, a construción detallada dunha complexidade psicolóxica e a sensibilidade estilística alicerzan unha protagonista sólida e moi consciente da súa identidade, tamén de xénero.

### CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS • Syra e a casa da felicidade

A Casa da Felicidade foi o territorio material onde aconteceu a vida, Onde se construiu o fogar como territorio da alma, onde se sentir a salvo. Centro de gravidade, Lugar material onde mora a memoria da felicidade que precedeu á dor. Onde un tempo feliz habitou no máis intimo do ser.

### OLGA MAHÍA • O latexar das marxes

Esta comunicación afondará nas primeiras percepcións, experiencias de infancia e viaxes de xuventude de Syra Alonso, reveladoras da empatía e xenerosidade innatas dunha autora que, malia pertencer á burguesía e frecuentar sofisticados ambientes artísticos, sempre ficou nas marxes, ao carón do pobo. Non é de estrañar, pois, que a pluma sensible de Syra fixera xermolar a crónica máis emotiva da represión franquista.

### CONRADO ARRANZ • Syra Alonso, una escritora en movimiento

El hallazgo de la «maleta azul», con numerosos cuadernos autógrafos de Syra Alonso, revela unas memorias en constante reescritura. El análisis filológico de sus variantes, adiciones, tachaduras y anotaciones evidencia un proceso compulsivo de rememoración y una clara voluntad de estilo. La transformación de la memoria se configura así como una estrategia de sanación y afirmación de la agencia autoral desde los márgenes del insilio y el exilio.

editora alvarellos
ASOCIACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA
Deputación DA CORUÑA
Concello da Coruña

XORNADAS ARREDOR DA ESCRITORA

# Syra Alonso

## 1ª MESA • VENRES 6 • 18:00H • COORDINA CONSUELO BAUTISTA

### CARME VIDAL • O regreso do exilio dos Diarios de Syra Alonso

Despois de décadas en México os cadernos do Diario de Tordoia (1938) e Diario de Actopan (1945) convértense en libro na colección Mulleres de A Nosa Terra (2000). A xornalista Carme Vidal relatará o proceso de edición dunha obra que sorprendeu no panorama literario galego e no movemento de recuperación da memoria histórica.

### NEREA GONZÁLEZ • Como seguimos despois do vivido? Unha mirada de Syra Alonso dende a psicoloxía

Achegamento á obra de Syra Alonso dende unha ollada psicolóxica, especialmente dende a perspectiva do trauma, a perda e a memoria. Vanse compartir algunhas reflexións sobre como aparecen nos escritos de Syra Alonso a incerteza, o medo, o duelo e a necesidade de reconstruír unha vida despois da violencia, pero tamén sobre a escritura como unha forma de resistencia, de elaboración e de conservación da memoria.

### ANXOS SUMAI • A lingua e a tradución das memorias de Syra Alonso

Describirase o proceso de tradución dos Diarios de Tordoi e de Actopan e a presenza da lingua galega nos textos orixinais das memorias.

### TONO CORREA CORREDOIRA • Syra, manancial de sombras

Syra, figura xurdida da tebrosa represión á nosa cultura executada pola barbarie do nacional catolicismo.
A súa calidade, humana e literaria, está fora de toda dúbida.
Os seus diarios, contos e artigos suman un corpo dunha luminosidad que viaxa para ficar na conciencia colectiva.
A recuperación da súa escrita, testemuña das atrocidades que vivíu, é unha obriga feliz, nosa e actual

## 2ª MESA • VENRES 6 • 19:00H • COORDINA CRISTINA GONZÁLEZ NOVOA

### OLIVIA TUDELA • Syra Alonso e a Coruña de vida e morte.

A partir das súas memorias sobre o acontecido na súa cidade natal, tentarase recrear o ambiente vital e artístico da cidade que a viu nacer e na que uniu o seu destino co pintor de vangarda. Houbo para ela dous tempos decisivos: un de vida e luz, ata que marcha (1923-1934); e outro de escuridade e morte, ata que se exilia no 1942.

### OLGA PATIÑO • O poder da luz nos Diarios de Syra Alonso.

A luz do día e as sombras da noite inflúen notablemente no ánimo de Syra Alonso; marcan a súa rutina diaria esperanzada e resiliente, así como o desalento que, por momentos a invade…Nesa claridade-escuridade revélase unha dimensión poética: memoria e identidade que sobreviven na intemperie duns acontecementos terríbeis.

### ROSARIO MASCATO • O percurso lisboeta de Syra Alonso cara ao exilio.

As lembranzas de Syra Alonso a propósito da capital lusa permiten trazar un itinerario sentimental da cidade, vinculado á progresiva conciencia do seu estatus de exiliada.

### YIREL DE LA O MOLINA • Claves para una lectura afectiva de las memorias de Syra Alonso

Hay libros que se leen con los ojos y libros que se leen con la piel. Las memorias de Syra Alonso pertenecen a esta segunda categoría. Estamos ante un texto que exige una lectura sensible, casi corporal, porque lo que Syra escribió durante más de treinta años fue un obstinado de mantener vivo un mundo que había sido destruido.

## 3ª MESA • SÁBADO 7 • 11:00H • COORDINA JORGE CALLE

### XAVIER SEOANE • A transcendencia da testemuña persoal e histórica de Syra Alonso.

O libro de Syra Alonso constitúe unha testemuña de primeira man, punxente, tráxica e dolorosa, do que foi a represión franquista desde o primeiro momento da insurrección militar.
Un libro de transcendencia universal, que se pode sumar ás mellores e máis intensas testemuñas que se produciron a raíz da Guerra Civil española e da 2ª Guerra Mundial. Un exemplo de ética e de humanidade radical que nos conmociona profundamente.

### MARÍA VALCÁRCEL • Los diarios de Syra: un acto de afirmación de la dignidad humana

Un recorrido por los diarios de Syra Alonso para mostrar cómo la escritura puede ser un espacio que va más allá de un terrible testimonio de dolor: nombran a la víctima, niegan al verdugo la última palabra y convierten el duelo privado en memoria compartida.

### OLGA NOVO • As subalternas da cáscara amarga a través de Syra Alonso

Os diarios de Syra Alonso presentan en primeira persoa a experiencia radical da mullerintelectual no intre da guerra civil pero tamén e coan nesa experiencia as figuras das mulleres subalternas, silenciadas e invisibilizadas duplamente na Historia: pola cuestión de clase e pola de xénero. Syra Alonso miraraas subliñando a violencia vicaria, a resistencia e dignidade coa que elas padeceron os rigores da brutalidade bélica.

### RAMON NICOLÁS • Algunhas claves dos relatos de Syra Alonso nos seus Diarios

Abordarase a visión que latexa tanto de Galicia como da represión nos relatos engadidos á edición dos seus Diarios. Cal é a visión que abrazaba Syra Alonso da súa patria natal e como as vivencias da guerra determinaron unha produción narrativa narrativa moi singular e que debe ser valorada á luz dos acontementos históricos que viviu.

### MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO • Syra Alonso Memoria e Literatura

Un percorrido pola vida e obra de Syra Alonso. A importancia da memoria.